

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2014.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día trinta de decembro dous mil catorce baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 18 de decembro de 2014.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE OUTUBRO-NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2014.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de outubro, novembro e decembro de 2014 por importe de 592,60 €-

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE INCLUSION NO PLAN DE EMPREGO DE D^a ANA CODESAL BAAMONDE COMO AUTÓNOMA/AUTOEMPREGO.

Vista a solicitude formulada pola empresaria autónoma D^a Ana Isabel Codesal Baamonde con D.N.I. n^o09277944-C con domicilio en Avda. Diputación, 53 2^o (27870 Xove) para a súa inclusión como autónoma no Plan de Emprego Municipal.

Visto informe emitido polo Departamento de Emprego no que se sinala que *non procede a concesión da axuda porque non aporta a documentación requirida por correo certificado.*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1^o) Denegar a solicitude da axuda ó abeiro do Plan de Emprego solicitada por Ana Isabel Codesal Baamonde.

3^o) A notificación á autónoma, os efectos oportunos.

D.2) SOLICITUDE DE INCLUSION NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A D. LUCAS CABANAS NUÑEZ COMO AUTÓNOMO/AUTOEMPREGO.

Vista a solicitude formulada polo empresario autónomo D. Lucas Cabanas Nuñez con D.N.I. n^o 77.597.191-K con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago- Xove) para a súa inclusión como autónomo no Plan de Emprego Municipal.

Visto informe emitido polo Departamento de Emprego no que se sinala que *non procede a concesión da axuda porque non aporta a documentación requirida por correo certificado.*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Denegar a solicitude da axuda ó abeiro do Plan de Emprego solicitada por D. Lucas Cabanas Núñez.

3º) A notificación ó autónomo, os efectos oportunos.

D.3) SOLICITUDE DE MOHAMED ZAIMA DE INCLUSIÓN COMO PERSOA TRABALLADORA NO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.

Vista solicitude de D. Mohamed Zaima, con DNI: Y3319098M con domicilio a efectos de notificación en C/ Acceso Apeadero, 35 1º (27870 Xove) de inclusión no plan de emprego municipal como solicitante dun posto de traballo en empresas privadas ó abeiro do PEM.

Visto informe emitido polo Departamento de Emprego no que se sinala que *non procede a inclusión do solicitante non Plan de Emprego Municipal de Xove (PEM) porque non cumpre o requisito de que para solicitar un posto de emprego ó abeiro do PEM as persoas deberán estar empadroadas e con residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data da solicitude.*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Denegar a solicitude de inclusión no Plan de Emprego Municipal solicitada por D. Mohamed Zaima

3º) A notificación ó solicitante, os efectos oportunos.

D.4) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE LAGO DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Eva Gloria García Pereira con D.N.I. nº 33998242- X, con domicilio en C/ Camiño Apeadero, 35 – 2ªA (27870 Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade, **dende os períodos de 17/06/2014 - 16/12/2014**, iniciada a partir del 01-02-2008, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2007, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.400,00€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.200,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.5) ESCRITO DO CLUB NATACION XOVE PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto a solicitude do Clube Natación Xove, con CIF G-27106749 e domicilio a efectos de notificación en Centro Cívico de Xove no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida por importe de 20.000 € pola XGL na súa sesión de data 25-3-2014 para a actividade de *competición a nivel rexional e nacional de natación.*

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no vixente presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 6.000 € Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2014, á presentación antes do 20 de decembro de 2014 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

D.6) LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A Dª ISABEL MEITIN MIGUEZ EN AVDA. DIPUTACION 68 XOVE.

Vista solicitude formulada por Dª Isabel Meitín Míguez con D.N.I nº: 33.763.822-Y con domicilio en Avda. Diputación 66 1º (27870 Xove) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 13 de outubro de 2014 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar sita en Avda. Diputación, 68 -Xove.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e de acordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da subvención concedida por importe de 450 €

2º) A notificación á interesada, os efectos procedentes.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A Dª ANGELICA GONZALEZ RODRIGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q, con domicilio en Labradela, 7 (27878 Rigueira) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00€

D.8) ESCRITO DA A.P.A. DO CEIP “PEDRO CASELLES ROLLAN” PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola A.P.A. (Asociación de Nais e Pais do Alumnado) do Colexio Pedro Caselles Rollán con domicilio a efectos de notificación en C/Agramonte 23 (27870 Xove) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida por importe de 2.200 € pola XGL na súa sesión de data 25 de marzo de 2014 para o desenvolvemento de actividades extraescolares no CEIP Pedro Caselles Rollán durante o curso 2013-2014.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no vixente presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 660 € Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2014, á presentación antes do 20 de decembro de 2014 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as doce horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

